

VARELA, Julia, PARRA, Pilar e CUBERO, Alejandra: *Memorias para hacer camino. Relatos de vida de once mujeres españolas de la generación del 68*, Morata, 2016, 265p.

As historias de vida teñen servido ao propósito de pór en valor as experiencias e conquistas de grupos sociais subordinados, ocultos na historia oficial. Os estudos feministas teñen atopado nesta fórmula un xeito de dar voz ás mulleres ao longo dos tempos, establecendo pontes entre diferentes xeracións, creando espellos nos que mulleres máis novas poden encontrar referentes sobre os que construír a súa identidade, establecendo unha xenealoxía da loita das mulleres pola emancipación.

O cerne desta obra está composto por once retratos de mulleres de diferentes condicións sociais, en diversos lugares do Estado español. Mulleres que comparten o seu nacemento nunha mesma época, que abrangue dende a fin da Guerra Civil até o inicio da década dos cincuenta, que participaron da *transición* con idades máis ou menos maduras, en contextos sociais ben diferentes. Este conxunto de relatos mostra unha serie de experiencias vitais de un grupo de mulleres diversas que valoran os cambios e transformacións da sociedade española do século XX, salientando cuestións relacionadas coas transformacións nas relacións de xénero e nos avances e retrocesos na igualdade entre homes e mulleres.

A obra que nos ocupa divídese en tres partes, onde os escritos de Julia Varela sustentan o peso desta, coa contextualización e posterior presentación dos relatos e memorias, nas dúas partes iniciais. A terceira é da autoría de Pilar Parra e Alejandra Val Cubero, que realizan unha análise dos movementos sociais e políticos que acompañaron as protagonistas dos relatos.

Julia Varela, socióloga cunha vasta obra, recoñecida na nosa terra polo seu traballo *A Uffe. Socioloxía dunha comunidade rural galega* (Sotelo

---

Recibido: 28/12/2017. Aceptado: 26/01/2018.

Blanco, 2004), xa tiña traballado con relatos de experiencias e vidas de mulleres. En 2011 publicou, editada tamén por Morata, *Mujeres con voz propia*, obra centrada nas biografías de Carmen Baroja, M<sup>a</sup> Teresa León e Zenobia Camprubí, que constitúe unha homenaxe ás mulleres burguesas na súa loita pola autonomía no inicio do século XX. Salvando certas diferenzas, e tendo en conta o baleiro da Guerra Civil, as vidas destas tres mulleres poden ser vistas como antecedentes das loitas das xeracións posteriores, presentes nestas *Memorias para hacer camino*.

Os relatos de vida que se presentan poden ser divididos en tres grupos: o primeiro, constituído polas historias de catro mulleres das denominadas “clases populares”; o segundo, que retrata as vidas de dúas mulleres obreiras, ás que a conciencia de clase levou a integrar as loitas sindicais polos dereitos das mulleres traballadoras. Por último, o grupo máis numeroso expón as biografías de cinco mulleres feministas, algunhas cunha relevante e coñecida vida pública.

No capítulo inicial, a modo de presentación, Julia Varela expón os grandes temas que estruturan os relatos e historias das mulleres protagonistas, construídos con base nunha serie de entrevistas en profundidade.

La escucha atenta de estas voces permitirá apreciar cómo cada una de ellas ha ido construyendo su visión del mundo, su propia “identidad”, y resulta revelador comprender el peso que han desempeñado en sus vidas el ambiente familiar en el que han vivido, el tipo de educación que han recibido, su formación profesional, el grupo de iguales, la elección de la profesión, la aceptación o resistencia frente a una presunta servidumbre voluntaria... Y también resulta perceptible algo que se hace esencialmente visible en algunos casos: el influjo de la orientación ideológico-política de sus padres en sus estilos de pensar y en sus modos de vida (p. 16).

Partindo dunha estrutura común, que se inicia coa infancia, o proceso de socialización e as experiencias das protagonistas nas institucións basilares (escola e familia), os relatos mostran un abano de experiencias infantís, marcadas pola orixe social e familiar, mais tamén pola maior ou menor proximidade á fin da Guerra Civil e á influencia do control do sistema moral nacional-católico, coa súa ideoloxía de xénero controladora e castradora das mulleres. A seguir ás experiencias de infancia, desvélanse os traxectos diferenciados de cada grupo. A incorporación ao traballo asalariado, a idades temperás, das mulleres das clases populares, contrasta coa continuación dos estudos de bacharelato e posteriormente universitarios das mulleres de procedencia burguesa.

O primeiro grupo de entrevistas mostra as experiencias de catro mulleres que comparten a súa pertenza a grupos sociais subordinados, sexa pola falta de recursos, pola súa vivencia nun hábitat rural ou por sufrir a represión franquista, pertencendo a familias represaliadas.

Una especie de dinámica común recorre las vidas de nuestras entrevistadas de las clases populares: abandono prematuro de las escuela, dedicación a las tareas del hogar, aprendizaje de oficios, experiencia material y moral de las desiguales relaciones de poder (p. 26).

Os seus relatos mostran a dureza da vida e a loita cotiá que trabaron no seo das súas propias familias e medios sociais; mulleres comúns, traballadoras dentro e fóra da casa, esposas e nais que amosan unha satisfacción común: ter conseguido a través da educación que os seus fillos e fillas encetaran procesos de mobilidade social ascendente.

Juana, a filla número 22 dunha familia extremeña “moi humilde”, naceu en 1942 e migrou a Madrid nos anos 50 para servir a unha familia burguesa. Despois de casar aos 20 anos, criou con moitas dificultades os seus tres descendentes. É consciente de pertencer á xeración de mulleres cuxa loita abriu as portas para a xente máis nova.

Desideria naceu no fin da Guerra Civil nunha familia agricultora de Ciudad Real, aínda que se criou afastada dos labores agrícolas. Considera que tivo sorte no seu matrimonio e lembra unha vida agradábel, sen apuros económicos, dedicada ao coidado da súa familia.

Carmen, unha muller nacida a finais dos anos 40 na parroquia canguesa de Hío, retrata a dura vida das mulleres da costa galega, co foco posto nas experiencias da explotación laboral nas conserveiras. Procedente dunha familia de mulleres marcada polo analfabetismo, tivo a sorte de poder asistir á escola, tarefa que compaxinaba cos labores domésticos. Con doce anos seguiu os pasos da súa nai, comezando a traballar no sector conserveiro. Aos dezasete anos entrou en Massó, cuxo sistema de produción e conflitos laborais retrata pormenorizadamente no seu relato. Carmen casou nova e deixou a conserveira cando naceu a súa primeira filla. Muller inquieta e emprendedora, rexentou máis tarde unha taberna, que lle permitía “ver xente” e conciliar o coidado da casa e das súas tres cativas cunha actividade laboral.

A nai de Aurora (pseudónimo) pasou a gravidez na cadea, de onde saíu para dar a luz no Madrid de 1940. De familia anarquista, o seu pai pasou longos anos preso, converténdose nun ser “desarbolado” unha vez fóra. Aurora relata unha infancia “tremenda”, na que a lectura e a cultura foron

as armas de evasión e coñecemento coas que conseguir evadirse da dura realidade.

O segundo conxunto de memorias está protagonizado por dúas mulleres cunha fonda conciencia de clase, traballadoras manuais que pasaron polos sistemas de aprendizaxe profesional xerárquicos da época e militaron en movementos políticos e sindicais.

A primeira delas, Concha, medrou no seo dunha extensa familia madrileña vinda a menos, por causa das súas conviccións políticas. Afirmo que non ter podido estudar “aínda lle doe”, a pesar de que a súa pertenza a círculos libertarios paliou a súa ignorancia a través da lectura e a conciencia política, que a levou a desafiar a moral católica na súa vida persoal.

O relato de Ramona Parra sobre as súas experiencias vitais arranca coas referencias á vida familiar nunha aldea agrícola de Segovia, que abandonou aos catorce anos para formarse en corte e confección, o que a levou a traballar en diversas fábricas téxtiles en Madrid. Describe as loitas sindicais das mulleres traballadoras no sector téxtil madrileño, nos anos 70, e realiza un diagnóstico da situación política e laboral nos últimos anos, nos que exerceu o cargo de secretaria xeral da muller de CCOO.

O terceiro grupo de memorias mostra as experiencias de mulleres que fan parte da primeira xeración que accedeu ao ensino universitario de forma significativa, que beberon os ventos de liberdade e contestación que proviñan do maio do 68, do feminismo radical, dos libros prohibidos e da chamada liberación sexual. Trátase dun conxunto de mulleres máis ou menos coñecidas, en cuxa experiencia común destacan a militancia feminista, nalgúns casos compartida coa pertenza a partidos políticos, e a experiencia universitaria.

En primeiro lugar, a avogada e política Cristina Alberdi, describe a través da súa historia persoal a evolución da presenza das mulleres no ámbito xudicial e na política institucional. Fixo parte do grupo de mulleres xuristas feministas que se implicou no proceso de elaboración da Constitución, chegando a ser unha das primeiras ministras no Estado español.

A escritora Lourdes Ortiz, a quen a idea de igualdade acompaña dende os anos da universidade, relata a súa experiencia como estudante, xornalista, docente e escritora. A autora de *Urraca* séntese parte da primeira xeración que medrou sen a marca terríbel da guerra, a mesma que foi capaz de protagonizar grandes cambios de costumes e de ideas.

A xornalista Rosa Pereda de Castro narra o ambiente estudantil nos anos finais do franquismo, nos que foi expedientada por motivos políticos. O seu relato enmarca o fervellar do mundo xornalístico na *transición*,

cando moitas mulleres se incorporaron ao oficio. Crítica co puritanismo herdado das xeracións anteriores, confesa a súa lentitude á hora de ser consciente da existencia das desigualdades de xénero.

Jimena Alonso Matthias, de nai republicana, foi unha das fundadoras do *Frente de Liberación da Muller* en 1976, tras a súa experiencia na loita universitaria. A súa experiencia serve como exemplo dos camiños da loita do feminismo non institucionalizado, fagocitado en grande medida polos partidos. Jimena foi unha das promotoras da *Librería de Mujeres* na rúa San Cristóbal de Madrid, un espazo pioneiro creado en 1978, un “reduto non institucional” que se converteu en referente de moitas feministas de xeracións posteriores.

Por último, Empar Pineda, activista lesbiana, repasa os principais fitos e momentos da loita LGTB e dos movementos pola legalización do aborto, que coñece fondamente grazas ao seu activismo e posteriormente á súa experiencia laboral na *Clínica Isadora*, de Madrid.

O libro péchase con dous capítulos, que contextualizan os movementos sociais que acompañaron as transformacións que refiren as entrevistadas nos seus relatos, constituíndo unha especie de marcos temporais que complementan e circunscriben as historias persoais na historia común.

Pilar Parra dedica o seu traballo ás loitas das mulleres das clases populares en asociacións non declaradas como feministas, que van dende as amas da casa aos movementos veciñais, nas que a presenza das mulleres foi importante e decisiva.

Alejandra Val realiza unha exhaustiva crónica no desenvolvemento dos grupos feministas no Estado español. Repasa detalladamente as diversas xornadas e encontros que axudaron a conformar un movemento feminista no estado, que se iniciaron coas I Jornadas Estatales para la Liberación de la Mujer, celebradas en Madrid en decembro de 1975, pouco despois da morte do ditador, nunha altura na que moitas mulleres feministas militaban en partidos considerados de esquerdas. Neste capítulo expóñense tamén os grandes temas de desencontro do feminismo, e as consecuentes rupturas, como a acontecida en 1979 nas Jornadas de Granada, organizadas pola Coordinadora Feminista do estado español, entre o feminismo independente e o da dobre militancia. A análise chega até tempos máis ou menos recentes, os da cristalización do feminismo institucional, coa creación en 1983 do Instituto de la Mujer e coa entrada do pensamento feminista na academia.

En definitiva, trátase dunha obra-mosaico de experiencias diversas, na que as mulleres que comparten xeración coas súas protagonistas poden

atopar a súa propia historia. Ao mesmo tempo, outras lectoras e lectores poderán atopar claves para a comprensión das transformacións nas relacións de xénero na segunda metade do século XX. Tanto unhas como outras/os poderán coñecer e valorar as pequenas e grandes loitas e conquistas, inscritas tanto no público como no privado, que correron paralelas a un tempo intenso en mudanzas sociais e políticas, nas que os feminismos xogaron un papel chave, escasamente recoñecido. E tirar a conclusión de que, a pesar dos innegábeis avances, queda moito por facer.

Luzia Oca González